

**CARTAS SEN RESPOSTA?
A FONTE EPISTOLAR
E ALGÚNS DESAFÍOS
DA HISTORIOGRAFÍA
DAS MIGRACIÓNS IBÉRICAS**

Xosé M. Núñez Seixas

Universidade de Santiago de Compostela

Arquivo da Emigración Galega (CCG)

O retorno do suxeito e mais a reactualización da narrativa no dominio da historiografía profesional dende a década de 1990 ten levado a unha progresiva revalorización e reutilización dos “documentos persoais” de carácter oral e escrito, o que inclúe de maneira salientada as cartas privadas, os diarios manuscritos, as autobiografías éditas e inéditas e mais as imaxes, comezando polas fotografías. Todas esas fontes foron revestidas dun valor case demiúrxico, na medida en que se lles presupuña a facultade de tirar á luz dende as tebras da Historia a memoria oculta de milleiros de anónimos campesiños e traballadores, e de xeito especial a emigrantes e soldados, todos eles de orixe popular, que foron forzados a movérense e afacerse a novos contornos, tempos e condicións de vida, e mais a experimentar de xeito acelerado unha sorte de globalización denantes da globalización (Vincent 2000).

A historia das migracións, e os estudos migratorios en xeral, fixeron nos últimos lustros un uso crecente destes “documentos persoais” na medida en que esas fontes prometen ofrecer novas perspectivas e oportunidades de análise para o enfoque microsocia das migracións. Supúñase que servirían para complementar e contrastar asemade a información fornecida por fontes de información *tradicionais* de natureza fundamentalmente cuantitativa, así como polas fontes xeradas por elites sociais, por observadores contemporáneos, polo Estado e mais polas asociacións dos propios emigrantes. Boa parte das novas pescudas baseadas nas fontes persoais adoptaron ademais un enfoque tendencialmente interdisciplinar, que recibiu influxos da Antropoloxía Cultural, da Socioloxía e da Historia Cultural, e ás veces da Lingüística, co fin de rescatar do esquecemento a memoria subxectiva e as experiencias das camadas sociais subalternas. Algúns autores propuxeron así abordar a análise das cartas dos emigrantes dende unha metodoloxía específica, que abrangue dende a análise textual até a contextualización social e familiar (Øverland 1996).

Os protagonistas anónimos do cambio social convertéronse, por tanto, no obxecto principal da narrativa da Historia das Migracións. E devolverlles a

súa voz a eses actores esquecidos converteuse adoito nunha sorte de reivindicación, e mesmo de xaculatoria permanente da investigación histórica. Agardábase que algúns dos aspectos máis ocultos e escuros da axencia individual e colectiva puidesen emerxer á luz. E a reconstrución da perspectiva subxectiva sobre a migración e o desprazamento que elaboraron os propios migrantes semellaba igualmente erixirse nun elemento preciso para profundar en como esas experiencias foron percibidas, reelaboradas e interpretadas polos observadores contemporáneos e outros axentes, individuais e institucionais. Agardábase tamén reconstruír a medida en que os emigrantes eran donos do seu propio destino, isto é, resolver de vez o típico dilema entre estrutura e acción que percorre as ciencias sociais. Grazas ás cartas e diarios poderíamos saber, por fin, se os emigrantes podían tomar decisións relativas aos seus desprazamentos, o grao de liberdade individual e condicionamento externo co que operaron, e o contexto de oportunidades que arrodeou eses procesos de toma de decisións.

Seguindo a coñecida afirmación do sociólogo norteamericano Robert Merton (1970), para quen a migración era un “feito social total” que podía constituír un acaído laboratorio para o estudo do cambio social, na medida en que é cando a xente se move cando é posíbel enxergar de xeito máis nidio as lóxicas ocultas que gobernan a sociedade, as cartas e os diarios, ademais doutras fontes persoais, haberían permitir así mesmo sobordar a división clásica entre “optimistas” e “pesimistas” á hora de interpretar as migracións. E, igualmente, poderían fornecer unha resposta definitiva á cuestión principal: Por que se move a xente? Os partidarios máis entusiastas das fontes persoais argumentaron que esta sorte de documentos permite descubrir novos aspectos da axencia individual e colectiva e das representacións da experiencia migratoria por parte da *xente corrente*. Os historiadores poderían así finalmente acceder a que era o que lles preocupaba realmente aos migrantes, o que tamén permitiría anchar o eido temático do que é merecente de ser historiado e pescudado tanto no nivel microsocal como no macrosocial (Ferrarotti 1989). Porén: até que punto é posíbel seguir a manter esta opinión optimista e talvez impregnada por inxenua fascinación na actualidade?

Os cada vez máis abondosos estudos sobre a escrita popular nos diferentes territorios ibéricos amosan de entrada que nin os sectores populares urbanos nin en particular os labregos foron seres primitivos e estraños opostos por principio a toda innovación e progreso. E, igualmente, eses estudos amosan que os labre-

gos presuntamente “primitivos” e provincianos non vivían illados en herméticas sociedades rurais reticentes a todo progreso e comunicación, nin estaban integrados en grupos familiares patriarcais condenados ao autoconsumo e á ignorancia do que había máis alá dun espazo social de interacción meramente local, como aínda gostan de reproducir aprioristicamente algúns historiadores e máis dun hispanista inzado de prexuízos sobre o “atraso” ibérico. Pola contra, os documentos persoais amosaron que eses labregos tentaron aproveitar as oportunidades de integración económica no mercado que foron postas á súa disposición polo avance do capitalismo e do Estado liberal. E tamén gardaron os seus papeis dun xeito máis ordenado e sistemático do que a priori se supuña. Consonante avanzaba a alfabetización das camadas populares e cada vez máis labregos partían cara ao Novo Mundo, máis se comunicaron aqueles dende a distancia cos seus parentes e amigos, utilizando para iso un amplo e cambiante repertorio de formas de escrita popular (Castillo Gómez 2001).

A pesar diso, a análise da documentación persoal, nomeadamente as cartas e mais as autobiografías e diarios, que foi escrita polos propios emigrantes continúa a ser un eido escasamente cultivado nos estudos migratorios ibéricos, polo menos en comparanza con outras tradicións académicas europeas. Neste senso, sinalouse que faltan aínda na Península Ibérica —ou nos seus diferentes territorios e ámbitos culturais— edicións representativas e simbólicas de grandes epistolarios ou recompilacións de cartas, como si existen para outras áreas da Europa meridional e occidental, que están considerabelmente por diante, comezando pola rica escola historiográfica italiana de estudos migratorios (Gibelli 2002a, 2002b). Nin as cartas dos soldados nin as cartas dos emigrantes foron merecentes dunha atención moi específica por parte da historiografía española e portuguesa.

Unha primeira pexa para iso foi que os arquivos e institucións públicas apenas foron conscientes, até datas moi recentes e en casos aínda moi contados, da conveniencia e necesidade de preservar esa sorte de materiais “privados”, dende autobiografías a diarios manuscritos e cartas. A maioría dos arquivos públicos da Península Ibérica non conservan fondos específicos adicados aos epistolarios emigrantes. Apenas son dignas de lembrar algunhas excepcións notábeis, coma o Museo del Pueblo de Asturias (Gijón) e mais o Arquivo da Emigración Galega (Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela). As coleccións máis

abondosas de cartas de emigrantes que foron escritas no período colonial, en calidade sobre todo de cartas de chamada, están depositadas no arquivo da época colonial de Sevilla (Archivo de Indias); outras consérvanse en arquivos eclesiásticos diversos (nomeadamente, nos arquivos diocesanos, mais tamén nalgúns arquivos pertencentes ao clero regular) e nas coleccións privadas de familias da elite aristocrática ou burguesa. Porén, e sobre todo para épocas anteriores ao século XIX, existen neses arquivos moi escasos exemplos de secuencias de epístolas que pertencen a un só emisor, ou cando menos a un único grupo familiar (Zaballa 1999: 85-87).

Un caso diferente, con todo, é o das correspondencias comerciais, que foron estudadas de xeito case pioneiro no exemplo dalgúns familias de comerciantes cataláns instalados na América dende mediados do século XVIII, e en cuxa correspondencia se mesturaban os negocios, a vida cotiá e as relacións interpersoais e familiares, algo lóxico se se ten en conta que adoitaban ser membros dunha mesma familia os que representaban os intereses comerciais desa mesma empresa familiar en varios puntos de Europa, América ou Asia. Deste xeito, esas correspondencias non só permitiron reconstruír os tecidos e redes de relacións económicas transatlánticas, senón tamén a natureza das relacións sociais e a propia experiencia da migración nos membros da familia (Yáñez 1995). Neste caso, con todo, cómpre sinalar que nos achamos perante documentación epistolar producida por elites sociais intermedias, por membros dunha burguesía comercial máis ou menos selecta, ben educada e integrada en redes sociais transnacionais, cuxas experiencias non sempre son susceptíbeis de seren comparadas coas dos emigrantes anónimos das camadas subalternas que protagonizan dende 1840-50 os movementos migratorios de masas. Nalgúns aspectos, esas correspondencias presentan puntos de coincidencia coas autobiografíaas escritas por membros da elite emigrante ibérica nos séculos XIX e XX (Morales Padrón 1990; Otte 1988).

Naturalmente, a escaseza de estudos sobre as cartas de emigrantes non implica inexistencia destes, se ben só dende a primeira década do século XXI a cuestión das escritas populares pasou a cobrar un certo relevo nos estudos migratorios ibéricos. Con anterioridade, houbo certamente algunhas publicacións illadas baseadas en mostras de correspondencia de emigrantes asturianos a Cuba ou á Arxentina, así como de emigrantes portugueses ao Brasil (Quirós Linares 1993; López Álvarez 2000; Morais Sarmiento 1999). De maneira sobranceira, a

historiografía migratoria galega tomou unha certa iniciativa dende os comezos do século XXI, grazas á publicación dalgunhas edicións de epistolarios emigrantes e mais ao uso cada vez máis frecuente de cartas de emigrantes en diversas monografías (Soutelo Vázquez 2001, 2006; Villaverde García 2001; Núñez Seixas 2005b; Núñez Seixas & Soutelo Vázquez 2005).

De maneira paralela, son de salientar os esforzos da escola de historiadores da cultura escrita baseada na Universidade de Alcalá de Henares baixo o maxisterio do profesor Antonio Castillo, e que nucleou dende setembro do 2004 a Rede de Arquivos e Investigadores da Escrita Popular (www.redaiep.es), da que fan parte investigadores a título individual e diversos arquivos da memoria popular en todo o Estado español. En boa parte dos seus membros, e na súa escola matriz, o interese pola escrita popular parte de presupostos diferentes aos dos estudos migratorios ou a historia social e cultural en xeral pois, seguindo o trazo dos estudos clásicos sobre a cultura escrita da Idade Moderna iniciados por autores como Roger Chartier, o meirande interese desta tendencia céntrase nas condicións materiais da escrita e da súa evolución, os códigos e fórmulas que foi adoptando a expresión escrita dos sectores sociais medios e subalternos, e mais os modelos de difusión desas prácticas (Sierra Blas 2004, 2006, 2009). Por expresalo brevemente, os intereses historiográficos desta escola están máis interesados en “como” a cultura escrita se reproduce, evolúe e transmite, que en “que” información fornecen os documentos manuscritos sobre a mentalidade e o contorno social e cultural, así como o económico, dos emigrantes, aspecto este que interesa de maneira sobranceira aos estudos migratorios e á maioría dos historiadores da emigración en particular. Mais estes últimos non deixan tampouco de tirar leccións útiles do enfoque da historia da cultura escrita, na medida en que a forma dos escritos e o seu continente adoito condicionou os contidos e modulacións de significados desas mesmas escritas, transformándoas nunha “ética epistolar” que tamén axudaba a establecer as tramas de significados asociadas á experiencia da emigración (Gerber 2000).

I. UNHA FASCINACIÓN PERIGOSA?

As cartas dos emigrantes figuran dende a década de 1970 no frontispicio das inquiredanzas dos estudos migratorios. Mais non son unha rareza excéntrica das

tendencias posmodernas da historiografía dos finais do século XX. A primeira recompilación sistemática de cartas de emigrantes europeos a América foi editada en catro volumes, entre 1912 e 1914, polo escritor dinamarqués Karl Larsen (1860-1931), quen recolleu centos de cartas de emigrantes dinamarqueses aos Estados Unidos baixo o título *De der tog hjemmefra* (Os que se foron). Catro anos despois, William Isaac Thomas e o sociólogo polonés Florian Znaniecki inauguraron a discusión sobre o grao de representatividade da correspondencia dos emigrantes, na súa xa clásica e moi reeditada recompilación *The Polish Peasant in Europe and America* (1918). Porén, o interese científico por recuperar as cartas dos emigrantes só rexurdiu de xeito sistemático case cincuenta anos máis tarde. Dende entón, un monllo crecente de recompilacións de cartas de emigrantes europeos de diferentes orixes nacionais e culturais, sobre todo a América do Norte e do Sur, pero tamén a Australia, viu a luz, abranguendo un período que vai de finais do século XVIII á II Guerra Mundial. A listaxe dista de ser exhaustiva, pero a tendencia apunta claramente a un predominio de edicións de cartas de emigrantes escandinavos, xermánicos, británicos e irlandeses no Novo Mundo, ás que se uniu despois un feixe de recompilacións de cartas de emigrantes italianos e doutras latitudes.¹

O nivel de tratamento analítico da fonte epistolar foi e é, porén, extremadamente variábel. Pódense citar exemplos de uso analítico e mesmo cuantitativo das cartas, e outros de mero carácter ilustrativo e centrado na descrición densa de actividades cotiás, receitas de cociña e detalles aparentemente intrascendentes ou sinxelamente banais. Porén, as cartas dos emigrantes presentan tamén algunhas limitacións canto á súa utilidade como fontes para a Historia social e cultural das migracións. Algunhas derivan do seu carácter intrínseco e mais das condicións do seu achado e conservación. Son por definición fontes subxectivas e azarosas, pois polo xeral os fondos existentes atopáronse ao chou e non ofrecen garantía ningunha canto á súa representatividade: non foron escolmadas seguindo criterios de mos-

¹ *Vid.*, sen sermos exhaustivos, e como boa mostra da evolución do interese polas cartas dos emigrantes como fonte para a Historia das Migracións, os contributos de Erikson (1972) e Gerber (2005, 2007) para os británicos; Barton (1975), Hale (1984, 1991), Øverland e Skærheirn (1992-2002), Zempel (2001) e Eastman-Attebery (2007) para os escandinavos; Franzina (1979) e Baily e Ramella (1988) para os italianos; Helbich (1985) e Kampfhoefner, Helbich e Sommer (1991) para os alemáns; Kula (1976) e Kula e Wtulich (1986) para os poloneses; Fitzpatrick (1994) para os irlandeses; e Bruneton-Gobernatori e Moreaux (1996, 1997) para os franceses.

traxe sistemática. A maiores, preséntase nelas unha eiva adicional: rara vez son auto-suficientes. Pois cómpre contextualizar as cartas, os personaxes nelas aludidos, as actividades nelas descritas, os lugares e circunstancias que nelas decorren. E cómpre igualmente inserir a particular cronoloxía da lembranza persoal e familiar que esas epístolas conteñen no propio tempo da Historia. Pois, como é coñecido, os individuos e as familias estruturan a súa memoria non a través dunha orde cronolóxica convencional, senón mediante unha *cronoloxía individualizada do recordo* que é organizada con base nos feitos fundacionais e nos ritos de pasaxe que marcan as súas vidas: ritos relixiosos, comuñón, mortes de parentes, casamentos, nacemento de fillos... Mais tamén, por exemplo, os intres da migración, a partida cara ao servizo militar e mais as propias guerras e desprazamentos forzados (François 1987; Halbwachs 2004). O editor das cartas dos emigrantes ha converterse por forza nun historiador local e familiar asemade, como subliñou David Fitzpatrick (1994).

Ademais diso, as fontes persoais, e en primeiro lugar as cartas, están fortemente influídas por un factor externo que non só depende de quen xera as propias epístolas. Tamén é importante saber quen son os receptores. Non só nas autobiografías e diarios cómpre ter en conta que a mediación entre a experiencia vivida e a representada por escrito pasa por diversos filtros, e se converte nunha presentación dun mesmo cara a un terceiro lector (presente ou futuro). No caso das correspondencias particulares hai que sinalar que a cantidade e calidade da información transmitida polos emigrantes (ou, cando menos, da que sería etiquetábel como información útil para os historiadores) varía segundo sexa a natureza do elo afectivo e a relación de confianza e coñecemento mutuo que vencella a emisor e receptor, e así mesmo segundo o grao de dominio da lectoescrita de ambos os dous. A maiores, tamén as cartas conteñen un bo monllo de experiencias construídas, é dicir, de marcos de significado colectivo que operan non só no ámbito das fórmulas formais de expresión escrita, senón tamén no da atribución de significados e uso de imaxes e metáforas á hora de tematizar a propia vida. E que dependen tanto das circunstancias concretas e dos intereses de emisores e receptores como dos marcos epocais e os sistemas de valores predominantes na sociedade de orixe e na sociedade de destino. Só así as memorias familiares e individuais se insiren no relato máis global da memoria colectiva (Halbwachs 2004).

Pódense sinalar así mesmo varios problemas adicionais que son característicos das cartas e diarios emigrantes. Primeiro, o seu carácter é máis elitista social-

mente do que primeiramente se supuxera. Só unha parte (minoritaria até os comezos do século XX, e aínda non unha maioría en termos absolutos até, polo menos, 1946) dos emigrantes do común era quen de expresar a súa experiencia por escrito. Na correspondencia emigrante aparecen sobrerrepresentados os sectores medio-altos das comunidades de emigrantes, aqueles que teñen máis familiaridade coa cultura escrita, se ben os modelos de mediación, que incluían o recurso a escribentes (coma os chamados *escribientes vicarios* no caso español) e axudantes encargados de redactar as cartas no nome de terceiros, contribuíron tamén a que o acceso á correspondencia epistolar se anchease e espallase ás camadas subalternas e ás mulleres. Porén, iso non implica por forza que a correspondencia emigrante anterior a 1930 sexa un fenómeno exclusivamente de elites. Algúns contributos que se ocuparon de maneira excepcional da espiñenta cuestión da representatividade social das cartas de emigrantes, para o caso dos inmigrantes alemáns nos EUA, concluíron que, malia a sobrerrepresentación nos corpus existentes até o de agora dos sectores medios e medio-altos das colectividade emigrantes europeas, non deixa de ser certo que hai neles unha apreciable proporción de cartas pertencentes ás camadas subalternas, que permite xa que logo achegarse a unha visión equilibrada da experiencia global dos colectivos emigrantes (Kampfhoefner e Helbich 2006). E, en todo caso, son o material empírico que mellor nos permite achegarnos aos sectores populares daqueles (Eastman-Attebery 2007).

Segundo, as cartas ofrecen unha perspectiva da emigración fortemente nesgada polo xénero, pero tamén deturpada precisamente pola interferencia de escribentes ou intermediarios do outro xénero. Polo xeral, os homes eran os que escribían á casa, no nome das mulleres ou do grupo familiar. Mesmo se se dirixían á nai na distancia, as mulleres escribían adoito a través de terceiros. O abano de cuestións de xénero que tamén atinxían ás mulleres era moitas veces enxergado a través dos ollos masculinos, o que porén abre un tema fascinante, como era a maneira en que os modelos de masculinidade, honra familiar e valores morais campesiños persistían (ou mudaban) por causa do contacto con novas sociedades, nomeadamente en contextos urbanos laicos e modernizados. Porén, o xénero non é a única variábel influente. Tamén a idade se pode converter nun factor polo menos tan importante coma o xénero. As cartas, poñamos por caso, de mulleres novas en idade de traballar e non casadas, e que por tanto tiñan unha experiencia extradoméstica do Novo Mundo,

que interpretaban como unha liberación dos seus roles tradicionais nas sociedades rurais da vella Europa, parecíanse adoito moito máis ás dos homes novos na mesma situación laboral que ás das mulleres casadas, recluídas no fogar e adicadas ao coidado dos nenos, nas que sentimentos como a señardade e a soidade eran máis susceptibles de abrollar.

Terceiro, as cartas non sempre constitúen mostras requintadas da expresión espontánea de sentimentos. Son unha mediación entre o vivido e o transmitido a través da tinta e do papel. Os que reflectían as súas experiencias, preocupacións e visións do mundo conformaban e acomodaban as súas expresións dentro dos modelos existentes de literatura epistolar, da que existían modelos espallados en todas as linguas a través da escolarización, dos intermediarios “escribas” e mesmo de guías publicadas, e que condicionaban poderosamente a maneira en que a subxectividade era transmitida por escrito. As emocións e as percepcións individuais eran pois canalizadas a través de marcos cognitivos moi condicionados polos sistemas de valores dominantes. Emocións que ou non eran verbalizadas ou éranos só a través de corsés formais preexistentes e máis dunha vez moi ríxidos.

Cuarto, é preciso igualmente lembrar, como xa indicamos, que é fundamental coñecer quen é o receptor das cartas. Un emigrante non escribe da mesma maneira á súa nai e á súa moza, ao seu irmán ou ao seu veciño, e tampouco reflecte as mesmas experiencias cando o interlocutor coñece o país de destino que cando non o coñece. O grao de confianza, afectividade e xerarquía entre os correspondentes dun e doutro lado do Océano condicionan a información fornecida e, dependendo diso, as cartas dos emigrantes aluden en maior ou menor medida ás condicións do mercado de traballo, ás circunstancias da vida cotiá, á presenza de conveciños, *paisanos* e connacionais, á política do país receptor, ao envío de remesas e mais á xestión do patrimonio do grupo doméstico familiar no lugar de orixe, etcétera.

II. UNHA PERSPECTIVA “UTILITARIA”

As limitacións aludidas non han levar ao extremo de afirmar o oposto: que as fontes epistolares son inútiles para o historiador, algo só sostíbel dende unha miope perspectiva cuantitivistista (que de todo hai). Todo o contrario. Como

toda fonte, a carta do emigrante ha ser tratada como o que é, unha evidencia máis, e habemos procurar cuestións ás que poida responder. Rara vez se pode converter nunha fonte autosuficiente; mais, en complementariedade con outras, si que nos ilustrará de maneira especial unha dimensión: a experiencia da migración, reflectida nos ollos dos propios protagonistas. As informacións nelas contidas tamén poden axudarnos a comprender mellor como funcionan, mudan e se “engraxan” as redes sociais; como son alimentadas con contidos emocionais dende dentro, e como os membros da rede estaban suxeitos a xerarquías e horizontes de expectativas e valores dentro dese particular tecido de relacións, que pola súa vez actuaba de fío comunicador das familias a través do espazo e que era máis ou menos forte dependendo da propia solidez dos vencillos familiares primixenios que condicionaban, e ás veces determinaban, o espazo social no que se desenvolvía a comunicación escrita dos emigrantes co seu lugar de orixe (Helbich 1989; Ramella 2001). Igualmente, as epístolas, igual que os diarios, fornecen unha fiestra única para achegarnos ás dinámicas cotiás que seguían os procesos de integración social e cultural dos emigrantes nos seus países de acollida, así como as mudanzas de valores e percepcións que a eses procesos correspondían.

Con todo, unha cuestión básica fica aberta, polo menos para os historiadores da emigración e da cultura escrita. Que é o que estamos a procurar nas escritas da emigración? Interésannos máis as prácticas de escrita e de transmisión da experiencia? Ou buscamos, sobre todo, a información contida nas cartas e documentos escritos, na medida en que nos poden servir para responder a novas cuestións? Segundo respondamos a esta cuestión básica teremos dúas escolas diferentes. Unha, como xa sinalamos para o caso ibérico, é a tendencia *à la* Chartier e está preocupada pola análise formal e ás veces metalingüística dos usos da escrita popular, e pode estenderse ás perspectivas abertas polos especialistas en historia da lingua. A segunda é a escola de estudos migratorios, influída por estudos clásicos como os xa citados dende Karl Larsen e que aspiran a profundar e anchar os nosos coñecementos sobre o funcionamento das redes migratorias, sobre como os migrantes toman decisións, se integran ou non nas sociedades de acollida e como se relacionan coas súas familias no Vello Continente, buscando adoito manter o control na distancia dos grupos familiares (Gibelli e Caffarena 2001).

Aínda que, en teoría, debería ser posíbel conxugar elementos e achegas dos dous enfoques, o certo é que ambas as dúas perspectivas non sempre conseguen confluír nun eido común de interese historiográfico, alén do mero interese erudito por unha fonte semellante. Mais a maioría dos historiadores da emigración están de acordo en dous puntos básicos:

a) As edicións de cartas de emigrantes, por moi coidadas e anotadas que estean, non constitúen por si mesmas o obxectivo preferente da súa recuperación por parte dos historiadores, na medida en que non todas as epístolas e diarios posúen un valor hermenéutico semellante, nin constitúen conxuntos ou secuencias útiles pola súa extensión ao longo do tempo para ilustrar unha evolución das variábeis relacionadas coa experiencia migratoria;

b) Posuírmos unha ou varias cartas redactadas e/ou recibidas por unha familia emigrante non necesariamente fornece nada relevante ao estado dos nosos coñecementos, alén dun mero valor ilustrativo. Así, algunhas edicións españolas de “cartas de emigrantes” nos últimos lustros adoitan basearse nunha evidencia moi fragmentaria, facendo uso dun corpus moi disperso de epístolas remitidas por emisores moi diferentes e espaxados no espazo e no tempo, e apenas recompilando máis de dúas ou tres cartas por grupo familiar. Estas son en particular as “cartas de chamada”, conservadas no caso español en fondos específicos do Archivo de Indias de Sevilla, mais tamén ás veces en arquivos municipais, xudiciais ou eclesiásticos, ou nas seccións adicadas aos imperios coloniais dos arquivos estatais españois e portugueses; así como en fondos de rexistro de pasaportes, que basicamente consisten en cartas de recomendación escritas por emigrantes e colonos peninsulares establecidos na América dende a época tardocolonial, chamando por un parente para unirse a eles no Novo Mundo (Otte 1988; Macías & Morales Padrón 1991; Morales Padrón 1990; Pérez Murillo 1999; Márquez Macías 1994; Sánchez Rubio & Testón Núñez 1999; Da Silva 2007). Coleccións semellantes de cartas individuais emitidas por diferentes colonos e poboadores foron tamén tiradas e editadas a partir doutros tipos de repertorios, por exemplo os arquivos xudiciais do século XVII (Martínez Martínez 2007).

Os contidos desas cartas de chamada poden en moitos casos ser ilustrativos de fenómenos coñecidos e engadir matices ao cadro xeral dos nosos coñecementos. Emporiso, o valor e utilidade historiográfica destas coleccións de cartas

de emisores variados, alén da fascinación e do toque colorista que sen dúbida evocan, son máis que cuestionábeis. Como xa afirmamos, porque non todas as cartas de emigrantes posúen un mesmo valor hermenéutico. Nin todas contan o mesmo, nin as cartas de chamada illadas acostuman fornecer informacións valiosas. O ideal para o historiador é dispor dunha *secuencia* (Fitzpatrick 1994; Gerber 2007); isto é, unha colección de cartas escritas por un ou varios emigrantes a un ou varios destinatarios dentro dun mesmo grupo familiar ao longo dun período de tempo abondo (unha xeración ou dúas), comprendendo ademais diferentes emisores e receptores. Soamente neste caso é posíbel deducir das cartas como actúan esas redes microsociais, baseadas en elos familiares ou de veciñanza, en elos fortes ou febles; e como a súa xestión na distancia permite manter un mesto tecido de relacións interpersoais que están na base de moitos dos mecanismos impersoais (redes) que facilitan e canalizan a mobilidade xeográfica (Devoto 1988, 1991a; Mac Donald & Mac Donald 1964; Ramella 1995, 2001). Esas redes de comunicación axudan a explicar unha sorte de autonomía relativa ou *economía moral* dos emigrantes en relación cos seus correspondentes. As cartas debuxan a imaxe dun protagonista das súas decisións, que transmite información sobre oportunidades de traballo e serve de contrapunto ou complemento á propaganda institucional dos países de inmigración, das axencias de emigración, dos *ganchos* ou recrutadores, das compañías navieiras e mais da opinión publicada (Kampfhoefner 2009).

Existe un consenso crecente entre os historiadores das migracións e os historiadores sociais en xeral en relación ao feito de que as fontes cuantitativas e estatísticas non son abundas para fornecernos un cadro completo de como operaron os mecanismos de adaptación cultural e social dos emigrantes nas súas novas realidades de destino. Mais as fontes persoais non poden responder a todos os interrogantes que aqueloutro tipo de fontes deixa abertos. Sen unha reconstrución axeitada do contexto estrutural, tanto a nivel macro como micro, do ambiente e do contexto en que as cartas circularon, eses documentos persoais non adquiren un senso completo. E só situándoos no pano de fondo das políticas estatais e internacionais que regulaban os fluxos migratorios, as lóxicas de reprodución social e familiar, os ciclos económicos e mais a cronoloxía global do século XIX e XX, inzada de guerras e cambios técnicos que condicionaron a liberdade e capacidade de movementos das persoas, poden os historiadores depositar

unha nova confianza nas fontes persoais manuscritas. Pois a partir delas infírese que as persoas, e neste caso os emigrantes individuais, tomaron decisións. Sen dúbida. Mais fixérono en contextos de oportunidades limitadas, condicionadas fortemente por factores que ían alén da súa capacidade de escolla e adoito alén da súa capacidade de percepción (Levi 1989). Os documentos persoais, xa que logo, *reflecten* a importancia deses factores, aínda que non sempre de xeito explícito, e igualmente fanse eco dunha mentalidade que insire os individuos no seu contexto social, así como dun feixe de prácticas sociais e culturais que cobran senso precisamente no marco desa pertenza grupal (Bourdieu 1986: 69-72). Os migrantes constitúen un obxecto privilexiado de estudo, na medida en que poden reflectir tamén o grao en que as prácticas sociais da vella Europa, ou dos seus ámbitos culturais e sociais de orixe, foron erosionadas e atinxidas polas novas prácticas sociais dos países de destino, así como polos valores culturais neles imperantes. As cartas dos emigrantes poden reflectir unha visión particular e específica do mundo, mais tamén unha percepción do cambio social e cultural; e por tanto ilustrar, mesmo datar, de forma bastante precisa como as cosmovisións dos emigrantes foron mudando ao compás do seu contacto con outras culturas e con outros contextos sociais.

No caso (ou, mellor dito, nos casos) ibérico(s), igual que ocorre noutras áreas da Europa (Franzina 1992), este proceso de mudanza de mentalidades estivo ligado en primeiro lugar a un cambio de ocupación e de hábitat social: implicou de forma maioritaria o paso de labregos asentados no rural a traballadores manuais urbanos da industria ou dos servizos, a empregados de comercio, a comerciantes ou tendeiros. Nalgúns exemplos, coma no de Galiza, pódese supor que os labregos emigraban inzados dunha mentalidade tradicional *paesana*, vencellada á súa freguesía de orixe e á solidariedade comunal con ela relacionada, e dunha economía moral típica do pequeno campesiñado. Na América encontráronse cun novo ambiente urbano, ao que se adaptaron con relativa facilidade. Unha xa longa tradición de análises históricas microterritoriais da emigración galega permitiulles aos historiadores unha acaída reconstrución dos contextos de saída e de chegada, e por tanto de integración social, económica e cultural, dos emigrantes, nomeadamente en cidades como A Habana e Bos Aires. As fontes persoais chegaron máis tarde, pero foron utilizadas como un precioso complemento. Grazas en boa parte a elas, os historia-

dores da emigración galega fomos capaces de concluír que, ao contrario da maioría dos estudos clásicos sobre os emigrantes galegos, portugueses ou canábricos, as “parroquias” e freguesías non coñeceron un proceso de transplante automático e reprodución case “natural” entre Europa e América, subsistindo como vencellos de sociabilidade primarios, como gusta adoito de sinalar unha historiografía acrítica e descritiva do asociacionismo emigrante (Blanco Rodríguez 2008). Pola contra, pódese afirmar que eses elos sociais e identitarios foron sometidos a un proceso de reinvenção, que tiña moito que ver coa axencia institucional das asociacións de emigrantes (nomeadamente en Bos Aires e na Habana), así como cos intereses e opcións das elites emigrantes, dos *líderes étnicos* (Núñez Seixas 1999, 2005a). O espazo social dos emigrantes no Novo Mundo deveu máis transparente aos ollos dos historiadores grazas ás fontes persoais, na medida en que aqueles foron quen de identificar o grao en que os emigrantes se comunicaban con outros grupos e nacionalidades de inmigrantes nun mesmo país e cos naturais deste. Isto é, con arxentinos, cubanos e uruguaios, así como con xudeus centroeuropeos, alemáns, italianos ou armenios, e non só cos seus conterráneos ou coparroquianos.

As cartas dos emigrantes constitúen un caso de narrativas subxectivas. Para algúns autores, esa subxectividade convértese nunha trampa para o historiador, na medida en que son fontes que revelan máis un proxecto de *reconstrución* da identidade e do mundo perdido e deixado atrás por parte do emigrante, un anxeio por ficar vencellado ao que o une a un sentimento de pertenza, que un reflexo útil das súas motivacións e da racionalidade das súas decisións (Gerber 2007). Mais as epístolas emigrantes tamén revelan, ás veces de xeito involuntario, as vías particulares a través das cales os migrantes experimentaron un proceso progresivo de asimilación, mediante a incorporación de hábitos sociais e culturais aprendidos no seu país de destino. E, nomeadamente, a percepción individual por parte do inmigrante das novas experiencias da sociedade de destino, que tamén contribuíron a forxar novos sentimentos de pertenza individual e colectiva. Isto facíase evidente, por citar un exemplo, no caso dunha familia da freguesía de Ferreira (San Sadurniño, A Coruña) da que varios irmáns se estableceran en Bos Aires e Montevideo e cuxo epistolario cobre un período lineal de 52 anos, do 1919 ao 1971 (Núñez Seixas e Soutelo 2005). Consonante decorreu o tempo, púxose cada vez máis en evidencia como os

irmáns ausentes na Sudamérica se impregnaban de novos hábitos na súa vida cotiá riopratense, dende beber mate e matar o tempo con xogos de cartas tipicamente arxentinos ou uruguaios (coma o *truco*) até o crecente número de modismos riopratenses que foron incorporando á súa fala, que devíña unha sorte de barallete estraño, mestura de estruturas e palabras galegas con castelán peninsular e sudamericano. Mais, ao mesmo tempo, eses mesmos irmáns mantiñan inalterados certos costumes importados da súa Galiza natal, e en concreto da súa aldea, algo patente nas receitas de cociña que compuñan a súa dieta ou, en ocasións, nas mesturas de xogos de cartas galaicos (o *tute* ou a *brisca*) coa práctica colectiva de beber o mate, costume tipicamente riopratense. Dun xeito semellante, os emigrantes de orixes labregas familiarizáronse cos costumes e usos urbanos das clases medias emerxentes de Sudamérica (Míguez 1999; Adamovsky 2009) e apuntáronse a ritos de paso tan “exóticos” aos seus ollos como, por exemplo, as festas de aniversario dos cativos, que ás veces tiñan que explicar nas cartas como unha peaxe estraña, pero obrigada, da integración na sociedade de acollida.

Esta sorte de detalles aparentemente banais permaneceron durante moito tempo opacos para a ollada historiográfica. Mais, de xeito semellante a como se interpretou para o caso do proceso de adaptación á sociedade norteamericana polos inmigrantes alemáns no século XIX (Helbich 1997), poden servir de bo alicerce para soste algunhas das hipóteses avanzadas por algúns historiadores latinoamericanos, nomeadamente arxentinos (Míguez 2003). Estes subliñaron a relevancia dos ritos de paso e dos costumes cotiáns das novas sociedades de inmigración, sobre todo nos espazos urbanos, que axiron como unha sorte de vehículo de socialización informal e de asimilación nacional para as novas xeracións de inmigrantes europeos e os seus descendentes. Algo cuxa importancia correu parella á doutros indicadores estruturais defendidos pola Socioloxía, a Escola de Chicago e os teóricos do *crisol de razas*, tales como os patróns de residencia e o grao de segregación étnica do hábitat urbano, así como a conduta matrimonial e o grao de exogamia e endogamia étnica nela manifesto, e cuxa relevancia foi matizada e mesmo revisada por autores que foran afoutos defensores deses índices (Devoto e Otero 2003; Otero 2009). Isto semella confirmar a aserción contida nun xa clásico estudo sobre a gastronomía dos emigrantes: somos o que comemos, e por tanto un trasterrado tamén acaba sendo o que inxire (Gabaccia 1998).

A maiores, as cartas tamén constitúen unha fiestra privilexiada a través da que é posíbel observar os patróns de comportamento e mudanza cultural, e lingüística, dos emigrantes ibéricos, deitando luz sobre aspectos e condutas que adoito fican ocultos para o pescudador que só acode ás fontes cuantitativas ou a outros tipos de fontes cualitativas. E trátase de aspectos que deveñen especialmente importantes nos casos en que os emigrantes eran orixinarios de rexións e zonas nas que se falaba un idioma (en situación non oficial ou diglósica) diferente do que era a lingua oficial do Estado ao que pertencían. Isto era particularmente relevante no caso dos emigrantes españois procedentes da “periferia” non castelanfalante (emigrantes galegos, vascos ou cataláns, que supuxeron case dous terzos do fluxo total dos emigrantes españois a América en certos períodos). Doutra banda, as cartas dos emigrantes tamén poden deitar nova luz sobre condutas e patróns socioculturais, e en particular sociolingüísticos, que polo xeral fican na penumbra para os estudos baseados nas fontes “clásicas” e nas cuantitativas. No caso particular dos falantes dun idioma non recoñecido como lingua oficial e do ensino no período anterior á II Guerra Mundial, como podían ser o galego ou o éuscaro, as cartas reflicten os procesos de asimilación lingüística nos idiomas dos países de recepción, algo que mesmo é evidente cando a lingua deses países era, en teoría, a lingua oficial do Estado de orixe deses mesmos emigrantes, que porén non sempre eran competentes na súa teórica lingua *nacional*. Ademais dos casos tratados polo profesor Álvarez Gila neste volume e noutros traballos (Álvarez Gila 2010), estas condutas foron estudadas, con axuda sobre todo da Historia Oral, para a emigración de posguerra, coma no caso dos falantes de galego en Bos Aires (Gugenberger 2001, 2006); mais son moito máis difíciles de rastrexar no período clásico das migracións masivas (1850-1930), ou teñen que ser reconstruídas mediante unha análise detallada de evidencias e indicadores indirectos, como as celebracións e festas dos emigrantes ou o teatro popular que nelas se representaba (Núñez Seixas 2002).

Igualmente, as cartas tamén ilustran a medida en que algúns mecanismos de represión e autorrepresentación lingüística podían operar e o xeito en que estes mecanismos eran internalizados polos propios emigrantes. Isto é algo particularmente evidente cando se estudan fenómenos como a evolución da diglosia entre os emigrantes bilingües. Nas epístolas dos emigrantes galegos, por exemplo, apréciase como labregos galegofalantes pero con escolarización (máis ou menos limitada) en

castelán utilizan con preferencia o castelán na comunicación epistolar, agás (e non sempre) cando emigran ao Brasil. Mais o galego de orixe non por iso desaparecía de todo. Emerxe, por exemplo, nas referencias aos costumes, festas ou lembranzas locais, nas evocacións das labours do campo e ás veces dos seres queridos; e asóciase a contidos que suscitan saudade ou seña de mundo rural.

Porén, a asimilación lingüística nas novas sociedades seguiu dinámicas propias no contexto da emigración, e as súas lóxicas, ademais, non sempre eran utilitarias, nin estaban directamente relacionadas coa presión do contorno social nos lugares de recepción. Nas condutas lingüísticas dos emigrantes seguían a ter un forte influxo os criterios de prestixio e distinción social arraizados no Vello Mundo, mais enfortecidos ou acomodados ás novas circunstancias americanas, aos valores sacralizados pola comunidade emigrante e ás xerarquías étnicas dentro da sociedade de destino. Por exemplo, velaí moitas das cartas, e tamén algúns diarios e autobiografías, redactadas por inmigrantes galegos nun país lusófono como Brasil, cuxo idioma nacional non difería grandemente da que era a lingua habitual e orixinal dos emigrantes (o galego), mais que amosan pola contra como o dominio escrito e activo do español, que no seu caso era realmente un *terceiro* idioma de escaso ou nulo uso na súa interacción cotiá coa sociedade de acollida, fixo un certo progreso entre os inmigrantes de máis éxito (Soutelo Vázquez 2001). Estes últimos adoito fachendearon do seu uso e dominio como vehículo de autoafirmación tanto na América (perante a sociedade brasileira, na que a etiqueta de español tiña máis prestixio que a máis ambivalente de *galego*, asociada aos inmigrantes pobres do Norte de Portugal) como en Galiza, onde o expresarse nun castelán máis ou menos sudamericano constituía adoito un sinal de distinción dos retornados da América que acadaran un certo grao de mobilidade social ascendente (Núñez Seixas 1999). As memorias dun inmigrante galego no Brasil, B. Troncoso Alonso (1996), escritas nunha mestura estraña e curiosa de castelán e portugués —*portuñol*—, son un exemplo a maiores de como a experiencia da emigración podía contribuír non tanto a desnacionalizar como a “renacionalizar” (neste caso, españolizar) emigrantes que non posuían no intre da súa partida un dominio satisfactorio da que era en teoría a súa lingua *nacional* (neste caso, o castelán fronte ao uso nativo do galego). En certo xeito, a experiencia da emigración a un país lusófono tamén levara a Troncoso a enfortecer a súa necesidade íntima e pública de enxal-

zar a súa distancia, polo menos no ámbito da etnicidade simbólica, da cultura dominante na que el e mais os seus fillos se inseriron.

A análise histórica comparada das cartas legadas polos emigrantes defróntese, pois, cun bo monllo de desafíos teóricos e metodolóxicos. Así foi posto de manifesto polo primeiro gran congreso internacional que se ocupou da cuestión, titulado precisamente *Reading the Emigrant Letter: Innovative Approaches and Interpretations* e realizado na Carleton University de Ottawa no agosto de 2003 (Helbich 2003; Elliott, Gerber e Sinke 2006). Entre as conclusións dese congreso figurou, en primeiro lugar, a necesidade de ultrapasar o estadio de mera descrición e acumulación impresionista de fontes, tentando tratalas dende unha perspectiva analítica que entre en diálogo con enfoques máis amplos e globais, tanto a nivel macro como a nivel micro, dos estudos migratorios. De feito, e como xa sinalamos, unha boa parte das monografías dispoñíbeis sobre as cartas dos emigrantes ibéricos seguen a consistir en recompilacións descritivas máis ou menos completas (por exemplo, Martínez de Salinas 2007; Márquez Macías 1994; Blasco & Rubalcaba 2003). Nestes e noutros exemplos, a fascinación polas fontes e un certo anxeo neopositivista de “achegar” documentación deixa pouco espazo á análise do que é realmente novo nesas fontes e do que elas nos permiten descubrir que non soubésemos denantes. Segundo, a necesidade de afinar as nosas ferramentas metodolóxicas e teóricas, recorrendo dende as técnicas de análise de discurso —malia que as técnicas cuantitativas adoitan ofrecer resultados pouco convincentes— até a teoría de redes, para esculcar a información, rica pero desigual, que está contida nas cartas e igualmente para profundar na relación entre os aspectos formais das epístolas e os seus significados, inserindo igualmente de xeito integrado variábeis na análise como a relación entre xénero, ciclo de vida e estratexia migratoria. E, terceiro, a necesidade de proceder a unha comparanza sistemática das cartas dos emigrantes, incorporando a ela enfoques autenticamente transnacionais, que vaian alén dos máis frecuentes estudos ou proxectos de edición de epistolarios *nacionais*, agrupados por lugares ou Estados-nación (ou grupos étnicos) de orixe, e non por outras variábeis

² Rexistráronse nos últimos tempos, con todo, interesantes iniciativas cara a unha posta en común do patrimonio de cartas emigrantes acuguladas en varios países, como o proxecto Emile (*Early Emigrant Letter Stories*), desenvolvido por cinco arquivos da República Checa, Irlanda, Suecia, Italia e Polonia (<http://www.emigrantletters.com>). Son igualmente de salientar proxectos semellantes a escala nacional, coma o promovido na Alemaña por W. Helbich e que abrangue sobre todo o leste da RFA (*vid.* <http://www.auswandererbriefe.de>).

(como o lugar de destino, a posición social acadada neste último, etcétera).² Certamente, son lexión os historiadores que predicán a necesidade de acometer estudos realmente transnacionais —ou inspirados na *historia cruzada*— das migracións, e das cartas de emigrantes en particular. Mais poucos, por non dicir case ningún, son os que realmente acometen esa tarefa. Outro congreso sobre a mesma cuestión, que foi organizado polo Instituto Histórico Alemán de Washington D.C. en maio de 2007, chegou a conclusións, en xeral, bastante semellantes, con maior énfase na necesidade de disciplinaridade e da colaboración cos investigadores dos modelos lingüísticos e textuais das epístolas (Kampffoefner 2007).

Cómpre, igualmente, lembrar que as cartas non son unha fonte unidimensional. Os emigrantes non poden ser reducidos polos historiadores —como é o caso nas historiografías ibéricas e latinoamericanas, malia os estudos migratorios teren sido moito menos influídos polos estudos de Historia Social do traballo que nos EUA (Núñez Seixas 2001a, 2010)— a unha única dimensión exclusiva da súa axencia individual e social, isto é, a de “emigrantes”. Esta era só, porén, unha das varias identidades que os emigrantes posuíron ou adoptaron. Aqueles non eran suxeitos illados do contorno onde moraban. Tamén eran traballadores, comerciantes, xornaleiros ou labregos no Novo Mundo. Partillaban, pois, experiencias con suxeitos pertencentes aos seus ámbitos laborais, aos seus mundos do traballo e aos seus espazos sociais de residencia e interacción cotiá, onde non todos son inmigrantes (ou poden ser, poñamos por caso, migrantes internos do mesmo país de acollida). E tamén partillaban un conxunto de experiencias e memorias con aqueles parentes, amigos e veciños que ficaron no Vello Mundo, e cos que seguiron a comunicarse a través das epístolas (e, andando o tempo, mediante fitas gravadas ou, hoxe en día, o correo electrónico). Unha miraxe bastante usual, de feito, nalgúns estudos sobre as migracións no pasado, levados en parte pola literalidade dos propios testemuños dos emigrantes emitidos cara ao seu lugar de orixe, consistiu en reducir aos inmigrantes nos novos mundos a unha soa condición: a de inmigrantes, que se relacionaban ante todo con inmigrantes da mesma ou semellante orixe —a famosa metáfora dos “aldeáns urbanos” acuñada por Gans (1962)—, en parte porque son precisamente eses contactos intergrupais e interétnicos os que adoito eran narrados nas fontes epistolares. E precisamente por iso, considerábase que a maioría dos emigrantes

non foi quen de desenvolver unha nova identidade social enteiramente vence-llada aos seus novos contextos culturais e sociais no Novo Mundo.

Esta perspectiva viuse adoito reforzada pola ollada eurocéntrica dos estudos migratorios, cando menos dos que eran realizados de xeito predominante dende as sociedades de orixe. A ollada que partía dende Europa interesábase sobre todo pola preservación da etnicidade de orixe entre os emigrantes e os seus descendentes: canto de “irlandeses” tiñan os *Irish-Americans*. Pola contra, as historiografías que estudaban a inmigración formularon con preferencia a pregunta inversa: Como se integraron os inmigrantes de orixes diversas? Cando se fixeron americanos? Das dúas olladas historiográficas emerxeron visións non sempre coincidentes, e balanzos devorcados nun senso ou noutro, máis cara ao “crisol” ou máis cara ao “pluralismo”, debate que tivo modulacións diversas segundo as principais historiografías nacionais sobre a inmigración (Devoto e Otero 2003).

Pola contra, os documentos persoais revelan unha realidade moito máis complexa, resumíbel nunha permanente negociación dos emigrantes entre varios polos identitarios, entre diversas esferas de pertenza e entre diferentes intereses (o de ficar e o de voltar, a familia de alá e os novos elos primarios forxados na América). Por iso mesmo pódense converter en miradoiros privilexiados para estudar os procesos de contacto e transferencia intercultural ou transnacional, así como fornecer indicadores dos procesos de asimilación cultural, como xa expuxemos. Unha interacción entre dous mundos e ámbitos de referencia, que converte ademais as cartas emigrantes en fontes particularmente interesantes para os enfoques centrados no *transnacionalismo* dos emigrantes (Portes 2001; Harzig, Hoerder e Gabaccia 2009: 110-12). Mais as pegadas dos procesos de mudanza identitaria na correspondencia dos emigrantes adoitan ser indirectas e cómpre esculcalas con fino bisturí microanalítico. Os emigrantes poucas veces matinaban sobre esas cuestións de forma explícita nas súas epístolas. Pero si deixaban caer, acó e aló, detalles e referencias, directas ou indirectas, que puñan en evidencia os seus sentimentos de pertenza. E a través deles pódese tamén medir a súa evolución.

Finalmente, e en relación a como se integran os emigrantes, as cartas poden ser boas fiestras de entrada para estudar unha cuestión clásica: a relevancia dos elos “fortes” (parentela) ou “febles” (amigos, veciños, compañeiros de traballo) á hora de facilitar a inserción dos emigrantes no mercado de traballo do Novo Mundo (Granovetter 1974, 1983; Grieco 1987). As secuencias epistolares poden fornecer preciosas

indicacións verbo do valor deses elos, mais tamén sobre a natureza (primordial ou construída) deses vencellos, adoito elaborados e reinventados dende a distancia, a través das cartas, a través dos obxectos e regalos unidos ás cartas, mais tamén a través das fotografías e debuxos. Grazas a eles podemos apreciar mellor como os vencellos familiares non sempre son primordiais, senón culturais, pero tamén como eses mesmos elos, a maiores de servir de lexitimación de situacións de explotación de forza de traballo submisa, poden ser reinventados e redefinidos na distancia de forma continxente. E é posíbel captar, igualmente, como as lealdades e relacións interpersoais reciben significados novos e cambiantes, que pola súa vez son xerarquizados en diferentes escalas. Así mesmo, obsérvase como os roles de xénero se debaten entre tradición e adaptación ao Novo Mundo, entre os marcos da rede social emigrante, condicionada pola reprodución dos valores familiares de orixe, e o imposto pola inserción sociolaboral e doméstica das mulleres nos lugares de destino, obrigando igualmente a pensar que hai de específico na relación entre muller e emigración, e entre xénero e emigración en xeral (Green 2002).

Como xa comentamos, en fin, as cartas non só ilustran a existencia das cadeas migratorias. Amosan como funcionan esas cadeas de forma concreta e como as prácticas sociais adquiren un senso dentro desas estratexias de conservación. A emigración, e as longas ausencias, favorecen precisamente as mudanzas de densidade dos elos emocionais, que son os que actúan con eficacia de engrenaxes das redes sociais (Da Orden 2008, 2010). As cartas e fotos convértense así en obxectos que cimentan unha relación, non só en si senón tamén por si, polo mero feito da súa existencia e do contacto interoceánico, alén de que os seus contidos sexan máis ou menos banais. Eis igualmente unha lectura utilitaria posíbel, en clave social, da tan cacarexada pero pouco practicada *historia das emocións* (Ciafardo 1991; Moya 1998: 395; Ramella 1995).

III. A CORRESPONDENCIA PRIVADA E A ACCIÓN COLECTIVA DOS EMIGRANTES. ALGUNHAS SUXESTIÓNS

No eido da acción colectiva, e nomeadamente no da dimensión sociopolítica dos procesos migratorios, relativa tanto ao país de orixe como ao país de acollida, as cartas dos emigrantes foron utilizadas até o de agora de maneira moi illada e sen

dar lugar a resultados realmente innovadores, fóra dalgunhas excepcións. De entrada porque, polo menos no caso dos emigrantes ibéricos, case un 70 por cento deles se mantiña á marxe das angueiras colectivas, das asociacións ou dos círculos de sociabilidade promovidos polos seus conterráneos nas cidades americanas, aínda que esa proporción sexa moi variábel segundo os países de acollida, o hábitat (rural ou urbano), a orixe dos emigrantes e o grao de organización colectiva dos seus paisanos. A política é un tema pouco presente, aínda que non inexistente, nas correspondencias privadas dos emigrantes, que adoitaban transmitir pouco, especialmente, das súas simpatías políticas ou sindicais nos países de acollida. Porén, algunhas excepcións, pertencentes a coleccións de correspondencia emitida e recibida por emigrantes que estiveron particularmente comprometidos co asociacionismo e coa acción colectiva da súa comunidade de conterráneos, e que tamén verbalizaron as súas opinións sobre esas actividades nas súas epístolas, poden fornecer preciosos datos sobre o compromiso dos emigrantes. Era o caso, máis unha vez, dos irmáns Naveiras de Ferreira de San Sadurniño (Núñez Seixas & Soutelo 2005).

En moitos deses casos excepcionais, porén, é verdade que a rica información fornecida por cartas e diarios sobre os dilemas suscitados pola acción colectiva dos emigrantes, así como a coexistencia de esferas de lealdade territorial concéntricas entre o mundo ibérico e América, tenden a corroborar en boa parte dos casos o que xa era coñecido a través doutras fontes, dende a prensa emigrante á documentación interna das asociacións. Así e todo, pódese outorgar un valor moi particular ao que constitúe un tipo de fonte intermedia, que é unha carta emigrante, mais que ten unha orixe institucional ou colectiva, na medida en que é xerada pola actividade dunha asociación ou dun grupo organizado e xerarquizado de emigrantes.

Dende finais da década de 1990, o Arquivo da Emigración Galega levou a cabo un ambicioso plan de rescate, microfilmación e dixitalización da documentación interna de decenas de asociacións de emigrantes galegos na Arxentina, Cuba, Uruguai, Venezuela e Brasil. Entre outros documentos, eses fondos conteñen unha fonte que en ocasións devén nunha verdadeira alfaia: as coleccións de informes e cartas escritas por líderes ou membros das asociacións, e enviadas a unha gran variedade de destinatarios do país ou da freguesía de orixe; así como as cartas recibidas por esas asociacións, tanto por parte de emigrantes

de maneira individual como por membros desa asociación residentes noutras partes do globo, incluíndo un conxunto de cartas escritas por actores sociais diversos, dende líderes sindicais locais até mestres das escolas sostidas polos emigrantes que informaban a estes últimos verbo da evolución do ensino nos establecementos que os ausentes estaban a soste cos seus aforros.

Estes intercambios de ideas sobre papel non só conteñen informacións interesantes sobre a evolución da vida rural e vilega na Galiza dende 1910 até 1936, e mesmo da época de posguerra; tamén deitan un bo feixe de luz sobre como as cousas mudaron (non deixaron de o facer) e, así mesmo, sobre como as influencias americanas chegaron e se estenderon pola Galiza rural. Apuntan á existencia dun intercambio transatlántico de puntos de vista e de ideas que abrangue dende a gastronomía até á esfera da política. Isto era algo particularmente evidente cando os emisores e receptores desa correspondencia non só eran emigrantes individuais, senón líderes de base de movementos sociais (líderes agrarios locais, por exemplo), así como membros das elites rurais e vilegas, mestres de escola, etcétera, actores que acostumaban reflectir unha perspectiva algo máis informada e elaborada do mundo que os arrodaba (Núñez Seixas 1999, 2001b, 2005).

A percepción da realidade que transmiten as fontes epistolares xeradas por e dende as asociacións de emigrantes é, porén, moi ambivalente, igual que acontece no caso das cartas estritamente privadas. Os conflitos que xurdían das leas internas dentro das asociacións arredor de como e onde investir os recursos colectivos no lugar de orixe, sobre a administración dos fondos sociais ou sobre o liderado do colectivo son temas que adoitan estar sobrerepresentados. Porén, esta información permitiulles aos historiadores das asociacións locais e parroquiais de emigrantes ibéricos, e particularmente galegos, desmitificar primeiro e deconstruír despois o que con frecuencia era contemplado como un labor altruísta e filantrópico sen máis reflexión. Pasaron así a ser vistos baixo unha nova luz a vida e conflitos internos que percorrían a vida das asociacións de emigrantes, con ferramentas emprastadas da teoría dos movementos sociais e da acción colectiva. E permitiron amosar como moitas desas asociacións con base en Bos Aires e na Habana funcionaron como arietes dun proxecto, desartellado e disperso nas súas formas, de intervención dos emigrantes na vida colectiva dos seus lugares e freguesías de orixe, no nivel local mais tamén no supralocal. Un proxecto cuxos trazos principais perduraron até o estalido da Guerra Civil española e

mesmo se proxectaron até a década de 1960 nalgúns casos, ademais de servir como canalizador de recursos para a axuda aos exiliados republicanos galegos após abril de 1939 (Núñez Seixas 2005a). As cartas reflicten e explican como o idealismo cívico, e un compromiso activo e máis ou menos difuso cos valores republicanos, fixera avances na mentalidade dos emigrantes. E tamén poden converterse en fontes altamente evocadoras e ilustrativas que permiten pescudar a evolución sociopolítica dalgúns áreas rurais europeas durante a primeira metade do século XX, así como fornecer unha nova ollada, paradoxalmente unha ollada *americana*, á cuestión de como a política chegou aos labregos, por retomar un clásico título do historiador norteamericano da III República francesa Eugen Weber (1982).

A este respecto, as cartas dos emigrantes contribuíron tamén a profundar os nosos coñecementos sobre algunhas prácticas e relacións sociais mediante o uso dunha lente de precisión. A estratexia do *guardare piccolo*, é dicir, do “ollar miúdo”, recomendada por Giovanni Levi (1990), que se converteu en divisa da microhistoria italiana dende a década de 1980, pode ser aplicada polo historiador da emigración, das asociacións de emigrantes e da mobilización sociopolítica das comunidades emigradas para descubrir, mediante a esculca da documentación epistolar xerada tamén polos grupos organizados de emigrantes, os grupos de interese que se agachan detrás das dinámicas de acción colectiva, así como as xerarquías dos sentimentos de pertenza (do local ao étnico e ao nacional), e as identidades híbridas en esferas máis ou menos concéntricas. Pero tamén emerxen os dilemas *do free-rider* —isto é, a presenza de asociados que só procuraban apuntarse ás entidades cando tiñan problemas inminentes, percibían subsidios e dábanse de baixa pouco despois—, a existencia de intereses diverxentes entre os membros dos diferentes grupos sociais que partillan a membresía dunha asociación de emigrantes, as tensións e liñas de fractura de natureza política, relixiosa ou social e un longo etcétera. Neste senso, as epístolas e os diarios individuais, e máis a “correspondencia institucional” das asociacións de emigrantes poden ser fontes complementarias que nos permiten comprobar como os intereses corporativos, en moitos casos semellantes aos que imperan dentro dun sindicato ou dunha asociación profesional, impregnaban a axencia social das sociedades de emigrantes, máis alá dos principios de cooperación e axuda mutua.

Ademais, as cartas escritas e recibidas polas asociacións de emigrantes da América fornecen un novo miradoiro privilexiado para esculcar como moitos deses emigrantes mudaron a súa cosmovisión, do mesmo xeito en que o fixeron os retornados e os líderes étnicos das colectividades. As cartas e informes escritos dende Galiza polos delegados das *sociedades de instrución* aos seus correligionarios que aínda ficaran na América non só son ricos canto a contidos sobre as mentalidades e a evolución política e social das zonas rurais nas que exercían a súa actividade. Tamén o son en canto reflexos da particular autopercepción de pertenceren a unha sorte de colectivo social transoceánico unido pola experiencia da emigración, orgulloso dela e, por tanto, inzado dun sentimento de camaradaxe e fachenda moi peculiar: o de seren a “vanguardia do progreso” nas súas zonas de orixe en todos os sentidos. Presentáronse a si mesmos como máis “modernos” e menos contaminados por prexuízos relixiosos que os que na Europa ficaran, e víronse como unha nova elite local, aínda que non sempre as súas rendas e posesións eran abondas para fundamentar esa autopercepción fachendosa. Isto pódese apreciar tamén no nivel da correspondencia familiar, e non só da societaria. Por exemplo, as cartas da familia Naveiras, de San Sadurniño, entre 1919 e 1971 claramente amosaban como aqueles membros da familia que retornaran e recibían as cartas dos seus irmáns ausentes nas que estes lles explicaban a evolución da política arxentina en termos só comprensíbeis para os “enteirados”, e así mesmo representaban os intereses da sociedade de instrución creada polos emigrantes en Bos Aires e Montevideo, tiñan consciencia de seren diferentes, de partillar unha experiencia única, irrepitíbel e arriquecedora cos irmáns ausentes que os facía, por tanto, *especiais* (Núñez Seixas e Soutelo 2005).

A fonte epistolar permite achegármonos dende unha perspectiva microanalítica aos límites das mudanzas experimentadas pola mentalidade dos emigrantes na América. Comparados cos que non migraron, moitos emigrantes retornados, a pesar dos testemuños literarios e dos moitos laios emitidos e publicados polas elites locais ou a Igrexa Católica, non se comportaron de maneira *tan* diferente unha vez que voltaron aos seus lugares de orixe. Mais tamén podemos rastrexar o fenómeno inverso e comprobarmos a través da correspondencia a fondura e sinceridade, e o grao de impregnación da súa mentalidade e valores, que asumiu o compromiso da minoría significativa de emigrantes que estiveron vencellados ás actividades e aos obxectivos das asociacións e grupos que nas metrópoles americanas abandeiraban obxectivos como a “reforma”, o “progreso”, a “educación” ou o “laicismo”. Por citarmos un

exemplo, as cartas cruzadas entre Ramón González Vigide, o delegado local da asociación esquerdista e republicana *Unión del Partido de Lalín* de Bos Aires na vila de Lalín (Pontevedra), e mais o xastre socialista que tamén exerceu de líder daquela asociación na Arxentina, Jesús Blanco, fornecen un precioso exemplo de dous idealistas e militantes de base das súas causas, movidos por unha arela de emancipación social e cultural, e de fondas conviccións anticlericais. O que se expresaba igualmente na súa convicción, que acadaba tons misionais, de que as tebras da ignorancia que cubrían o seu lugar nativo desaparecían grazas á educación dos seus conterráneos, agora alumeados pola nova luz de progreso que viña de América. A autopercepción dos emigrantes *comprometidos*, dende os anarquistas até os socialistas, republicanos, anticlericais ou nacionalistas periféricos, que se vían a si mesmos como vangardas do progreso e da redención, reflectía en termos idealistas o que era a íntima convicción de moitos emigrantes, malia os politizados non pasaren dunha minoría (Núñez Seixas 1999, 2001b).

Emporiso, as cartas dos emigrantes tamén poden ilustrar o fenómeno inverso. É dicir, non só como aqueles se transformaron en individuos comprometidos cunha certa visión transformadora do mundo e da sociedade, senón tamén como experimentaron o proceso contrario, de maneira consonte á súa mobilidade social ascendente, e por tanto deviñeron en persoas máis “tradicionalistas” e conservadoras. E esa mudanza podía operar nos dous ámbitos de referencia dos emigrantes (a sociedade de orixe e mais a de destino) ou ben circunscribirse a un só deles. Isto tamén inclúe a constatación de como postulados políticos e sociais de mocidade mudaron cos anos e as experiencias do Novo Mundo. Mais non todos os valores mudaban ao mesmo tempo. O anticlericalismo, por exemplo, podía devir un trazo característico de moitos emigrantes galegos na América antes de 1936, mentres a súa correlación con outras formas de progresismo sociopolítico non sempre aparecía tan clara. Este era de xeito particular, no caso español, o período 1931-1939, marcado pola proclamación da II República, a conflitividade e polarización sociopolítica que acompañou á evolución daquela e mais á experiencia da Guerra Civil. As cartas dos emigrantes datadas na posguerra tenden a diferir de xeito radical das epístolas enviadas denantes de 1936, na medida en que nelas é posíbel apreciar un crecente afastamento das mencións á esfera do público e nomeadamente de todo o que tiña que ver coa

política (mesmo da actualidade política das repúblicas americanas), e mais un progresivo ensimesmamento na esfera do privado (Soutelo Vázquez 2003).

Nalgúns casos é posíbel reconstruír a partir da correspondencia emigrante o cambio de mentalidade dos emigrantes, dende un inconformismo sociopolítico inicial a un conservadorismo ben establecido a través dun proceso progresivo de mobilidade social ascendente e a consolidación dunha prosperidade individual paralela á decisión de non retornar ao país de orixe. Vexamos un caso: o de Generoso Durán, un emigrante galego que partiu cara a Montevideo no ano 1929. Generoso ascendeu, nun tempo relativamente curto, de dependente dunha tenda a comerciante por conta propia. No ano 1931, dous anos despois da súa arribada ao país, saudaba a nacente República española nas súas cartas á casa en termos épicos, vendo no novo réxime o período auroral dunha era de prosperidade e progreso. Porén, no 1937, en plena Guerra Civil, pasou a estampar no pé das súas cartas un entusiástico *Arriba España*, algo que foi paralelo á súa mobilidade social ascendente e á conversión do seu proxecto migratorio de temporal en definitivo, o que implicou unha creba traumática (segundo lle contaba a unha das súas correspondentes, unha familiar súa) coa moza que por el agardaba na Galiza.³

As cartas de Generoso Durán suscitan un feixe de cuestións. Foi a súa conversión un acto repentino ou estivo influído pola súa carreira de éxito como pequeno comerciante? Tivo algo que ver nesa evolución a ruptura, coa súa antiga moza que ficara en Galiza, que estaba a agardar polo seu retorno até que cansou? Non podemos sabelo. Mais este exemplo pode ser unha ilustración final dun paradoxo: cantos máis detalles coñecemos sobre os protagonistas da historia que nos amosan as cartas de emigrantes, máis difícil é inferirmos as respostas que desexariamos dar á cuestión fundamental: Por que a xente actuou da maneira en que o fixo? Por que se foron os emigrantes? Por que ficaron nos seus puntos finais de destino? Como se integraron nas sociedades de acollida? Como tomaron esas e outras decisións? Con todo, paga a pena tentalo.

³ Cartas do emigrante en Montevideo Generoso Durán á súa irmá Josefa Durán en Santo Estevo de Silán (Muras), Montevideo, 16.4.1931, 17.6.1931 e 25.10.1937 (Arquivo da Emigración Galega, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ADAMOVSKY, E. (2009), *Historia de la clase media argentina*, Bos Aires: Planeta.
- ÁLVAREZ GILA, Ó. (2010), “¿Vascos o euskaldunak? Una aproximación al papel del Euskara en la conformación de las colectividades vascas de América, siglo XIX”, *Sancho el Sabio*, 32, pp. 71-84.
- BAILY, S. L. e F. RAMELLA (1988), *One family, two worlds. An Italian Family's Correspondence across the Atlantic, 1901-1922*, New Brunswick / London: Rutgers UP.
- BARTON, H. A. (1975), *Letters from the Promised Land: Swedes in America, 1840-1914*, Minneapolis: University of Minnesota Press.
- BLASCO MARTÍNEZ, R. M. e C. RUBALCABA PÉREZ (2003): “Para hablarte a tan larga distancia...” *Correspondencia de una familia montañesa a ambos lados del Atlántico*, Santander: Ediciones de Librería Estudio.
- BLANCO RODRÍGUEZ, J. A. (ed.) (2008), *El asociacionismo en la emigración española a América*, Zamora: UNED.
- BLÁZQUEZ, A.; A. BRUNETON-GOVERNATORI e M. PAPY (2002), “La documentación privada y la emigración: la correspondencia de emigrantes bearneses hacia América”, en Ó. Álvarez Gila e A. Angulo Morales (eds.), *Las migraciones vascas en perspectiva histórica (siglos XVI-XX)*, Bilbao: UPV, pp. 209-33.
- BJERG, M.^a (2010), *Historias de la inmigración en la Argentina*, Bos Aires: Edhasa.
- BOURDIEU, P. (1986), “L' illusion biographique”, *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, 62-63, pp. 69-72.
- BRUNETON-GOVERNATORI, A. e B. MOREAUX (1996), “Cher père et tendre mère...” *Lettres de Béarnais émigrés en Amérique du Sud (XIX siècle)*, Biarritz: J. & D. Éditions.
- (1997), “Un modèle épistolaire populaire. Les lettres d'émigrés béarnais”, en D. Fabre (dir.), *Par écrit: ethnologie des écritures quotidiennes*, Paris: Maison des Sciences de l'Homme, pp. 79-103.
- CASTILLO GÓMEZ, A. (2001), “Tras la huella escrita de la gente común”, en *id.* (ed.), *Cultura escrita y clases subalternas: una mirada española*, Oíartzun: Sendoa, pp. 9-33.
- CIAFARDO, E. O. (1991), “Cadenas migratorias e inmigración italiana. Reflexiones a partir de la correspondencia de dos inmigrantes italianos en Argentina, 1921-1938”, *Studi Emigrazione / Études Migrations*, 102, 233-45.
- DEVOTO, F. J. (1988), “Las cadenas migratorias italianas: algunas reflexiones a la luz del caso argentino”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 8, pp. 103-23.
- (1991), “Algo más sobre las cadenas migratorias de los italianos a la Argentina”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 19, pp. 323-43.
- (1997), “As migraciones internacionales e a cuestión da escala”, *Estudios Migratorios*, 3, pp. 9-34.
- e H. OTERO (2003), “Veinte años después: Una lectura sobre el crisol de razas, el pluralismo cultural y la Historia nacional en la historiografía argentina”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 50, pp. 181-227.
- EASTMAN ATTEBERY, J. (2007), *Up in the Rocky Mountains: Writing the Swedish Emigrant Experience*, Minneapolis: University of Minnesota.
- ELLIOTT, B. S.; D. A. GERBER e S. M. SINKE (eds.) (2006), *Letters across borders: The epistolary practices of international migrants*, Basingstoke: Palgrave Macmillan.
- ERIKSON, CH. (1972), *Invisible Immigrants. The Adaptation of English and Scottish Immigrants in Nineteenth Century America*, London: University of Miami Press.
- FITZPATRICK, D. (1994), *Oceans of Consolation: Personal Accounts of Irish Migration to Australia*, Cork: Cork UP.

- FRANZINA, E. (1979), *Merica! Merica. Emigrazione e colonizzazione nelle lettere dei contadini veneti e friulani in America Latina (1876-1902)*, Milán: Feltrinelli.
- (1992), *L'immaginario degli emigranti. Miti e raffigurazioni dell'esperienza italiana all'estero fra i due secoli*, Treviso: Pagus Edizioni.
- GABACCIA, D. (1998), *We are what we eat: ethnic food and the making of Americans*, Cambridge, Mass.: Harvard UP.
- GANS, H. (1962), *Urban Villagers: Group and Class in the Life of Italian Americans*, Nova York: Free Press.
- GERBER, D. (2000), “Epistolary Ethics: Personal Correspondence and the Culture of Emigration in the Nineteenth Century”, *Journal of American Ethnic History*, 19:4, pp. 3-23.
- (2005), “Acts of deceiving and withholding in immigrant letters: personal identity and self-presentation in personal correspondence”, *Journal of Social History*, 39:2, pp. 315-30.
- (2007), *Authors of Their Lives. The Personal Correspondence of British Immigrants to North America in the Nineteenth Century*, Nova York / Londres: New York UP.
- GIBELLI, A. (1997), “Les témoignages des émigrants entre oralité et écriture”, en M. Rouche e C. Maltonne (eds.), *Sur le pas des Italiens en Aquitaine au vingtième siècle. Actes du Colloque International Talence-Bordeaux*, Bordeus: Maison des Sciences de l'Homme d'Aquitaine.
- (2002a), “Emigrantes y soldados. La escritura como práctica de masas en los siglos XIX y XX”, en A. Castillo (coord.), *La conquista del alfabeto. Escritura y clases populares*, Oviedo: Trea, pp. 189-223.
- (2002b) (ed.), *Storie di gente comune nell'Archivio Ligure della Scrittura Popolare*, Xénova: Università degli Studi di Genova.
- e F. CAFFARENA (2001), “Le lettere degli emigranti”, en P. Bevilacqua, A. de Clementi e E. Franzina (eds.), *Storia dell'emigrazione italiana. Partenze*, Roma: Donzelli, pp. 563-74.
- GRANOVETTER, M. (1974), *Getting a Job: A Study of Contacts and Careers*, Cambridge (Ma): Harvard UP.
- (1983), “The Strength of Weak Ties: A Network Theory Revisited”, *Sociological Theory*, 1, pp. 201-33.
- GREEN, N. L. (2002), *Repenser les migrations*, París: PUF.
- GRIECO, M. (1987), *Keeping it in the family: Social networks and employment chances*, Londres / Nova York: Tavistock Publishers.
- GUGENBERGER, E. (2001), “Identidad, conflicto lingüístico y asimilación: observaciones sobre la lengua gallega en Buenos Aires”, en X. M. Núñez Seixas (ed.), *La Galicia austral. La inmigración gallega en la Argentina*, Bos Aires: Biblos, 251-78.
- (2006), “Migrationslinguistik. Akkulturation, Sprachverhalten und sprachliche Hybridität am Beispiel galicischer Immigranten und Immigrantinnen in Argentinien”, Tese de Habilitación, Universidade de Bremen.
- HALBWACHS, M. (2004), *La memoria colectiva*, Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza.
- HALE, F. (ed.) (1984), *Danes in North America*. Seattle and London: University of Washington Press.
- (1991), *Their Own Saga: Letters from the Norwegian Global Migration*, Minneapolis: University of Minnesota Press.
- HELBICH, W. (ed.) (1985), “*Amerika ist ein freies Land...*”. *Auswanderer schreiben nach Deutschland*, Darmstadt et al.: Luchterhand.
- (1989), “Die deutsche Auswanderung in die USA im 19. Jahrhundert: Die Aussage der Auswandererbriefe zu Information, Motivation und nichtinstitutioneller Fürsorge”, *Zeitschrift für Kulturaustausch*, 39 (1989), pp. 266-78.

- HELBICH, W. (ed.) (1997), "Immigrant Adaptation at the Individual Level: The Evidence of Nineteenth-Century German-American Letters", *Amerikastudien / American Studies*, 42:3 (1997), pp. 407-18.
- (2003), "Tagungsbericht. Reading the Emigrant Letter", disponible en: <http://hsozkult.geschichte.hu-berlin.de/tagungsberichte/id=288>.
- HARZIG, CH., D. HOERDER e D. GABACCIA (2009), *What is Migration History?*, Cambridge: Polity Press.
- KAMPFHOEFNER, W. (2007), "The Uses of Immigrant letters", *GHI Bulletin*, 41, pp. 137-40.
- (2009), "Immigrant Epistolary and Epistemology: On the Motivators and Mentality of Nineteenth-Century German Immigrants", *Journal of American Ethnic History*, 28:3, pp. 34-53.
- e W. HELBICH (2006), "How Representative are Emigrant Letters? An Exploration of the German Case", en Elliott, Gerber e Sinke (eds.), *Letters Across Borders*, pp. 29-55.
- , W. HELBICH e U. SOMMER (eds.) (1991), *News From the Land of Freedom: German Immigrants Write Home*, Ithaca: Cornell UP [Munich 1988].
- KULA, W. (1976), "El Brasil y la Polonia de fines del siglo XIX en las cartas de los campesinos emigrados", *Jahrbücher für Geschichte von Staat, Wirtschaft und Gesellschaft Lateinamerikas*, 13, 38-55.
- e J. WTULICH (1986), *Writing home: Immigrants in Brazil and the United States, 1890-1891*, Nova York: Columbia UP.
- LEVI, G. (1989), "Les usages de la biographie", *Annales ESC*, 44:6, pp. 1325-1336.
- (1990), "Il piccolo, il grande e il piccolo", *Meridiana*, 10, pp. 211-34.
- LÓPEZ ÁLVAREZ, J. (2000), "Cartas de América. La emigración de asturianos a través de la correspondencia. 1864-1925", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, LV:1, pp. 81-120.
- MAC DONALD, J. S. e L. D. MAC DONALD (1964), "Chain Migration, Ethnic Neighborhood and Social Networks", *Memorial Fund Quarterly*, XLII: 1, 82-96.
- MACÍAS DOMÍNGUEZ, I. e F. MORALES PADRÓN (1991), *Cartas desde América, 1700-1800*, Sevilla: Junta de Andalucía.
- MÁRQUEZ MACÍAS, R. (1994), *Historias de América. La emigración española en tinta y papel*, Huelva: Ertoil.
- MARTÍNEZ DE SALINAS ALONSO, M.^a L. (2007), *Noticias de Cuba. Cartas de emigrantes vallisoletanos en la segunda mitad del siglo XIX*, Valladolid: Instituto Interuniversitario de Estudios de Iberoamérica y Portugal, 2007.
- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, M.^a C. (2007), *Desde la otra orilla. Cartas de Indias en el Archivo de la Real Chancillería de Valladolid*, León: Universidad de León, 2007.
- MERTON, R. K. (1970), *Teoría y estructuras sociales*, Mexico: FCE [Nova York 1944].
- MÍGUEZ, E. (1999), "Familias de clase media, la formación de un modelo", en F. Devoto e M. Madero (eds.), *Historia de la vida privada en la Argentina. Vol. II: La Argentina Plural: 1870-1930*, Bos Aires: Taurus, pp. 21-45.
- (2003), "La integración social de los inmigrantes en la sociedad argentina. Un balance metodológico", en N. Sánchez Albornoz e M. Llordén Miñambres (comps.), *Migraciones iberoamericanas. Reflexiones sobre economía, política y sociedad*, Colombes: Fundación Archivo de Indios, pp. 275-318.
- MORAIS SARMENTO, C. A. A. de (1999), "'Minha Querida Marida' - subsídios para o estudo da família emigrante através das Cartas de Chamada 1890/1914", en P. Sá Machado e J. A. Maia Marqués (eds.), *Maia. História Regional e Local*, Maia: Câmara Municipal, vol. II, pp. 285-96.
- MORALES PADRÓN, F. (1990), *Primeras cartas sobre América (1493-1503)*, Sevilla: Universidad de Sevilla.
- MOYA, J. C. (1998), *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants in Buenos Aires, 1850-1930*, Los Angeles et al.: University of California Press.

- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998), “Les paroisses d’outre-mer: politique, leadership et associationnisme régional galicien à Buenos Aires et à La Havane (1890-1930)”, *Exils et Migrations Ibériques au XX^e Siècle*, 5, pp. 131-77.
- (1999), “Révolutionnaires ou conformistes? L’influence socio-politique de l’émigration américaine de retour en Galice, 1900-1936”, *Studi Emigrazione / Migration Studies*, XXXVI: 134, pp. 283-308.
- (2001a), “Historiografía española reciente sobre migraciones ultramarinas: Un balance y algunas perspectivas”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 48, pp. 269-95.
- (2001b), “Lalinenses emigrados na Arxentina pola República: Notas a un discurso de 1931”, *Descubriendo. Anuario de Estudios e Investigación de Deza*, 3, pp. 111-31.
- (2002), *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina, 1860-1940*, Santiago de Compostela: Universidade.
- (2005a), “La récreation de la paroisse: les immigrants galiciens à Buenos Aires (1900-1940)”, *Hommes et Migrations*, 1256, pp. 6-24.
- (2005b), “Otras miradas a la historia de la emigración gallega: Sobre cartas, memorias y fotos”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 58, pp. 483-503.
- (2010), “A historiografía das migrações ultramarinas espanholas: Uma visão global”, *Revista Maracanan*, 5, no prelo.
- e R. SOUTELO (2005), *As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*, Vigo: Galaxia.
- ORDEN, M.^a L. DA (2008), “Madres en Galicia e hijos en Argentina: Correspondencia y vínculos familiares entre la inmigración masiva y la oleada de posguerra”, en X. M. Cid Fernández, X. C. Domínguez Alberte e R. Soutelo Vázquez (coords.), *Migracións na Galicia contemporánea: Desafíos para a sociedade actual*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 125-56.
- (2010), *Una familia y un océano de por medio. La emigración gallega a la Argentina: Una historia a través de la memoria epistolar*, Barcelona: Anthropos.
- OTERO, H. (2009), *La guerra en la sangre. Los franco-argentinos ante la Primera Guerra Mundial*, Bos Aires: Sudamericana.
- OTTE, E. (1988), *Cartas privadas de emigrantes a Indias: 1540-1616*. Sevilla, Junta de Andalucía, Escuela de Estudios hispano Americanos de Sevilla.
- ØVERLAND, O. (1996), “Learning to Read Immigrant Letters: Towards a Textual Theory”, en O. T. Gulliksen et al. (eds.), *Norwegian-American Essays 1996*, Oslo: NAHA-Norway / Norwegian American Museum, pp. 207-25.
- e S. SKÆRHEIRN (1992-2002), *Fra Amerika til Norge*, Oslo: Solum, 4 vols.
- PÉREZ MURILLO, M.^a D. (1999), *Cartas de emigrantes escritas desde Cuba: Estudio de las mentalidades y valores en el siglo XIX*, Sevilla / Cádiz: Aconcagua / Univ. de Cádiz.
- PORTES, A. (2001), “Debates y significación del transnacionalismo de los inmigrantes”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 49, pp. 469-85.
- QUIRÓS LINARES, F. (1993), “Cuarenta años de cartas entre Cuba y Pravia (1909-1947)”, *Astura*, 9, pp. 39-52.
- RAMELLA, F. (1995), “Por un uso fuerte del concepto de red en los estudios migratorios”, en M.^a Bjerg e H. Otero (comps.), *Inmigración y redes sociales en la Argentina moderna*, Tandil: CEMLA / IEHS, pp. 9-21.

- RAMELLA, F. (2001), “Reti sociali, famiglie e strategie migratorie”, en Bevilacqua, De Clementi e Franzina (eds.), *Storia*, pp. 143-60.
- SÁNCHEZ RUBIO, R. e I. TESTÓN NÚÑEZ (1999), *El hilo que nos une. Las relaciones epistolares en el Viejo y el Nuevo Mundo (siglos XVI-XVIII)*, Cáceres: Editora Regional.
- SIERRA BLAS, V. (2004), “‘Puentes de papel’: Apuntes sobre las escrituras de la emigración”, *Horizontes Antropológicos*, 22, pp. 121-47.
- (2006), “Baúles de memoria”. Las escrituras populares y el fenómeno migratorio”, en VV. AA., *De la España que emigra a la España que acoge*, Madrid: Fundación Francisco Largo Caballero, pp. 157-75.
- (2009), *Palabras huérfanas. Los niños y la Guerra Civil española*, Madrid: Taurus.
- SILVA, B. A. Pereira da (2007), “Cartas de chamada: A emigração para o Brasil no concelho de Sernancelhe (1900-1920)”, en F. de Sousa, I. Martins e C. Meireles Pereira (eds.), *A emigração portuguesa para o Brasil*, Porto: Eds. Afrontamento / Cepese, pp. 305-09.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R. (2001), *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos en Brasil, Venezuela e Uruguai: 1916-1969*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2003), “La correspondencia familiar de los emigrantes gallegos en América Latina durante el franquismo”, en A. Castillo e F. Montero (eds.), *Franquismo y memoria popular. Escrituras, voces y representaciones*, Madrid: Siete Mares, pp. 123-76.
- (2006), “Proyectos migratorios, itinerarios laborales y redes microsociales de los emigrantes en su correspondencia familiar: dos gallegos en Buenos Aires, 1950-1966”, *Migraciones & Exilios*, 7, pp. 115-35.
- (2007), *Emigración de retorno e dinámicas sociopolíticas locais na Galicia rural: unha microanálise dende Valga, 1890-1950*, Valga: Concello de Valga.
- THOMAS, W. I. e F. ZNANIECKI (1958), *The Polish Peasant in Europe and America*, Nova York: Dover Publications, 2 vols. [1918].
- TRONCOSO ALONSO, B. (1996), *Memórias de uma Vida. La Herencia no Olvidada*, edit. por C. Troncoso Castillo, s. l. [Birigüi-São Paulo]: edición privada.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1992), “Las dimensiones microsociales de la emigración gallega a América: la función de las redes sociales informales”, *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 22, pp. 497-533.
- (1996), “O uso das fontes persoais para o estudo da emigración galega a América (1830-1930): estado, presente e perspectivas”, *Estudos Migratorios*, 2, pp. 139-75.
- VILLAVARDE GARCÍA, E. (2001), *Pioneiros na corrente do Golfo. A primeira emigración galega a México (1837-1936)*, Vigo: Xerais.
- VINCENT, D. (2000), *The Rise of Mass Literacy: Reading and Writing in Modern Europe*. Cambridge: Polity Press.
- WEBER, E. (1982), “Comment la Politique Vint aux Paysans: A Second Look at Peasant Politicization”, *The American Historical Review*, 87:2, pp. 357-389.
- ZABALLA BEASCOECHEA, A. de (1999), “Cartas de vascos en México. Vida privada y relaciones de paisana-je”, en A. Garritz (coord.), *Los vascos en las regiones de México siglos XVI a XX*, Mexico: UNAM / Euzko Jaurlaritz / Instituto Vasco-Mexicano de Desarrollo, 83-99.
- YANS-MCLAUGHLIN, V. (1990), “Metaphors of Self in History: Subjectivity, Oral Narrative, and Immigration Studies”, en *id.* (ed.), *Immigration Reconsidered: History, Sociology, and Politics*, Nova York / Oxford: Oxford UP, 254-91.
- YÁÑEZ GALLARDO, C. (1995), *Emigración ultramarina y familia catalana en el siglo XIX. Los Moreu Rabassa de Calella*, Mataró: Caixa d’Estalvis Laietana.
- ZEMPEL, S. (1991), *In Their Own Words. Letters from Norwegian Immigrants*, Minneapolis: University of Minnesota Press.